

Salvemos o naval

NON Á REPRESIÓN SINDICAL

A CIG levamos moito tempo alertando do continuado devalar industrial que se está traducindo, desde hai anos, nunha verdadeira desertización da base produtiva no conxunto da comarca de Vigo. Segundo os datos da última Enquisa de Poboación Activa, só na cidade de Vigo, hai hoxe **7.000 empregos industriais menos dos que había no ano 2009**. No último ano destruíronse por volta de 5.700 postos de traballo neste sector.

Esta situación ten causas e tamén responsábeis. A **falla de política industrial da Xunta de Galiza**, en mans do PP, ten colocado a industria da comarca de Vigo nunha situación de total desamparo e abandono. Mais, como repetimos de maneira insistente, o **futuro de Vigo e a súa área será industrial ou non será**. Como País non podemos permanecer impasíbeis diante do continuado retroceso do verdadeiro pulmón industrial que ten sido historicamente a área de Vigo.

Non esaxeramos nin un pouco cando alertamos de que **corremos o risco real de que o sector naval de Vigo, tal e como coñecemos, acabe desaparecendo**. Falamos dunha actividade que chegou a representar preto de 10 mil postos de traballo e que exerce unha imprescindíbel forza tractora para mobilizar e activar a industria auxiliar ligada ao metal.

Estamos a presenciar en directo o naufraxio do sector naval. Temos o antigo **Vulcano** nun caleixón sen saída, por culpa da brutal campaña antinaval emprendida polo PP desde a Autoridade Portuaria, para converter un estaleiro centenario nunha prolongación da terminal de contedores. E a **Barreras**, o principal estaleiro privado do estado Español, nun punto crítico, coas gradas paradas, sen carga de traballo á vista, sen un plan de viabilidade a futuro e coa ameaza inminente dun ERTE que pode desembocar nun ERE ou mesmo na liquidación da empresa.

Neste sentido, desde a CIG queremos insistir en que o futuro de Barreras, e por extensión do conxunto do sector naval, non pasa por seguir a meter máis e máis diñeiro público no peto dos accionistas privados.

Urxe unha INTERVENCIÓN PÚBLICA DIRECTA. Diante da incapacidade do capital privado para poñer en marcha as enormes potencialidades do sector naval, blindar o futuro desta actividade estratéxica esixe **dotar a ría de Vigo dun estaleiro público ou semipúblico**, no que toda achega de diñeiro público estea condicionada á participación directa da toma de decisións. **Os gobernos galego e español teñen que actuar xa, ofrecendo solucións reais** que aseguren a continuidade da actividade e do emprego no sector naval de Vigo.

STOP REPRESIÓN

A firmeza da CIG está a ser contestada cunha **brutal ofensiva de represión sindical**, que se fixo patente co recente despido dun dos delegados do noso sindicato no estaleiro Barreras. A mesma dirección incapaz, cuxa nefasta xestión está empurrando o estaleiro á liquidación, arremete contra a representación legal dos traballadores e traballadoras cun obxectivo claro: tentar silenciar o único sindicato que estamos a dar a batalla desde o principio e con toda a contundencia para evitar o desastre.

Ás portas dun ERTE **o despido do noso compañeiro é só un xesto para tentar amedrentar o cadro de persoal**. Pero é un intento fracasado. **Non conseguirán amordazar a CIG nin frear a nosa loita polo futuro do estaleiro**, que existiu antes da chegada da actual dirección e que, do que nos dependa, seguirá a existir cando eles marchen pola porta de atrás.

Seguiremos na loita, con toda a nosa forza como principal sindicato galego, **esixindo a inmediata readmisión do compañeiro despedido e reclamando solucións XA** para garantir a continuidade da actividade e do emprego. Non van poder con nós.

Polo futuro industrial

Salvemos o naval

CONTRA A REPRESIÓN SINDICAL



MANIFESTACIÓN

Xoves 15 ás 19:00H
dende a Dobrada

Polo futuro industrial

CIG
Confederación Intersindical Galega